

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Arbo (CIE P3600100F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrència non competitiva, ao abeiro do Plan Concellos 2021 - Liña 3: *Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2021/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Arbo (P3600100F)	13	2 peóns mantedores/as de edificios, 2 peóns horticultura-xardinería, 3 peóns forestais, 2 peóns de conservación de parques urbanos, 2 operarios/as de conducción de vehículos e manexo de maquinaria agraria e 2 axudantes/as de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	96.174,00 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) Todos os contratos poderán estar iniciados dende o 01/01/2021 sen que en ningún caso o período subvencionable dos contratos poida exceder do 31/12/2021. No caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización, ou se des algún outro suposto de extinción do contrato, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixa, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral mantida entre a entidade beneficiada e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.